



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

D^a SUSANA GALLARDO FARIÑA, SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL, por delegación de funcións, segundo resolución da concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do 24.07.23.

CERTIFICO: Que a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na sesión ordinaria de 24 de xullo de 2023, acordou

2. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO ANO 2022. EXPTE. 251/143 (EXPTE. PLENO 3828/1101).

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, emite voto ponderado, e por sete votos a favor do (grupo municipal Socialista), e dous votos en contra do (grupo municipal do Partido Popular e do BNG), ditámínase favorablemente a seguinte proposta:

- a) Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2021), correspondente á Entidade Local, saldo acredor 52.691.005,55 euros e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, saldo acredor 3.286.704,4 euros, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).
- b) Aprobar a dotación de amortizacións na Entidade por unha contía de 5.845.869,02 euros e 5.900.398,55 euros nos estados consolidados.
- c) En aplicación do previsto na Base 54^a das de Execución do Orzamento, aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía de 40.858.475,15 euros na Entidade é 42.350.748,51 euros para os estados consolidados.
- d) Aprobar a Reclasificación da débeda en relación coa liquidación negativa da cesión de tributos e FCF do ano 2020 de longo prazo a curto prazo polas compensacións que corresponden ao ano 2023/2024, por una contía de 9.834.411,73 euros.
- e) Aprobar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao ano 2022, composta polos seguintes estados e contas anuais:
- f) Balance.
- g) Conta de resultado económico-patrimonial.
- h) Estado de cambios no Patrimonio Neto.
- i) Estado de fluxos de efectivo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 08:23	Páxina 1 de 2
251-143	CSV: A6AC29-D1A58H-412D4F-7QCBB2-WVC4GV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- j) Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.
- k) Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2022.

O artigo 209.4 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), tras a modificación introducida pola Lei 3/2017 de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, establece a obrigaón ás entidades locais de formular contas consolidadas nos termos previstos nas normas de consolidación para as entidades locais a aprobar polo ministro de Facenda e Función Pública.

Estas normas foron aprobadas mediante Orde HAC/836/2021, de 9 de xullo, e tras a súa aprobación, os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes e entidades locais de ámbito superior están obrigadas a formular contas anuais consolidadas dos exercicios que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2022. A partir do 1 de xaneiro de 2024 deberán facelo as demais entidades locais.

En relación co formato, o Tribunal de Contas considerou o novo formato recomendado pola IGAE na Resolución de 22 de decembro de 2022 como adecuado para seguir avanzando na rendición de contas en soporte informático.

En consecuencia co anterior, a remisión e formato da Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia farase segundo a Resolución de 27 de febreiro de 2023, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 23 de febreiro de 2023, pola que se modifica a Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato de dita Conta, a partires da correspondente ao exercicio 2015.

E para que conste e a efectos da súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación, expido a presente en Vigo, á data de sinatura dixital.
am.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 08:23	Páxina 2 de 2
251-143	CSV: A6AC29-D1A58H-412D4F-7QCBB2-WVC4GV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		